

# A representación das mulleres no mapa da cidadanía española no exterior. Un reflexo da pegada migratoria?

Rodríguez Galdo, M<sup>a</sup> Xosé  
Departamento de Historia e Institucións Económicas  
Universidade de Santiago de Compostela  
maria.rodriguez.galdo@usc.es

Freire Esparís, M<sup>a</sup> Pilar  
Departamento de Historia e Institucións Económicas  
Universidade de Santiago de Compostela  
mdelpilar.freire@usc.es

RESUMO. A representación das mulleres no Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE), que publica o Instituto Nacional de Estadística (INE), sobrepasa o 51%, sendo esta superior en América (51,35%) e, a moi corta distancia, tamén en Europa (50,91%), os dous continentes que acolleron o maior volume da corrente migratoria española, se ben, por países, dita representación resulta máis acusada nuns que noutros.

A superioridade numérica das mulleres no mapa da cidadanía española no exterior non pode entenderse como o reflexo directo dunha suposta feminización dos fluxos migratorios españois, tanto os da etapa americana como da europea, que non refrendarían as estatísticas da emigración española que normalmente se manexan, pero si invitan a estudar en qué medida esta pode reflectir aspectos substanciais da historia pasada e recente da emigración española, tanto de natureza económica como política, e, de maneira particular, a implicación das mulleres na mesma.

A análise que realizamos aquí de dous casos ben representativos (Gran Bretaña e México) permite achegámonos ao por qué desas diferenzas na representación por sexo e a considerar o alcance dos estereotipos de xénero no canto de condicionar a visión dun fenómeno tan complexo, como é a relación mulleres e emigración.

PALABRAS CLAVE: Migracións, xénero, cidadanía española no exterior, mulleres

A análise dos datos dunha fonte estatística de extraordinario interese como é o *Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero* (PERE) permítenos realizar unha nova achega, necesariamente sintética, a un tema que ocupa unha parte das nosas investigacións como é o da

Hertzog, H. y Schottman, A.M. (1982), Migration Information, Job Search and the Remigration Decision. *Southern Economic Journal* 50(1): 43-56.

Hochschild, Arlie R. (2000), Global Care Chains and Emotional Surplus Value, en W. Hutton y A. Giddens (eds.), *On the Edge. Living with global capitalism*. Londres: Jonathan Cape, pp. 130-146.

Núñez Seixas, Xosé M. (2000), Emigración de retorno y cambio social en la Península Ibérica: Algunas observaciones teóricas en perspectiva comparada. *Migraciones y exilios: Cuadernos de la Asociación para el estudio de los exilios y migraciones ibéricos contemporáneos* 1: 27-66.

Pajares Alonso, Miguel (2009), Migraciones y redes transnacionales: Comunidades inmigradas de Europa Central y del Este en España. *Revista CIDOB d'Afers Internacionals*, 84: 65-79.

Reyes, Belinda I. (1997), *Dynamics of Immigration: Return Migration to Western Mexico*. San Francisco: Public Policy Institute of California (PPIC).

Richmond, Anthony H. (1984), Explaining Return Migration, pp. 269-275 en D. Kubat (ed.), *The Politics of Return. International Return Migration in Europe*. Roma/Nueva York: CSER/CSM.

Stark, Oded (1991), *The Migration of Labor*. Cambridge: Basil Blackwell.

Stoiciu, Victoria (2012) (coord.), *Impactul crizei economice asupra migrației forței de muncă românești*. Bucarest: Friedrich Ebert Stiftung.

Wimmer Andreas y Glick-Schiller, Nina (2002), Methodological Nationalism and Beyond: Nation-State Building, Migration and the Social Sciences. *Global Networks* 2(4): 301-334.


Yeates, Nicola (2004), Global care chains: critical reflections and lines of enquiry. *International Feminist Journal of Politics* 6(3): 369-391.

relación mulleres-emigración. Sabemos da permanente implicación das mulleres españolas nas migracións interiores e exteriores que se viñeron sucedendo nun período que se estende por máis de dúas centurias, e asemade somos conscientes da pervivencia de eivas que dificultan a mellor comprensión dun capítulo de extraordinaria importancia na vida de España nos séculos XIX e XX, restituíndo ás mulleres un protagonismo tantas veces ignorado.

Os datos que recolle o Instituto Nacional de Estadística (INE) do Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE) mostran que 1.931.248 persoas españolas (un 51,05% mulleres e un 48,95% varóns) tiñan fixada a súa residencia no exterior no ano 2013, que se elevan a 2.058.048 (50,98% mulleres e 49,02% varóns) a 1 de xaneiro de 2014. Atópanse repartidas, de maneira moi desigualen 167 países dos cinco continentes, reproducindo un mapa que se repite desde o primeiro ano de publicación do PERE (con datos de 2008 publicados a 1 de xaneiro de 2009).

O estudo en profundidade da estrutura poboacional en termos de idade, sexo e de Comunidade Autónoma de orixe, así como a súa plasmación en pirámides de poboación (coa análise detida dos once países cun maior número de persoas de nacionalidade española, superior aos cen mil en cada caso) permitiunos determinar en investigacións, anteriores e en curso, en qué medida a presenza española no exterior responde tanto á tradición migratoria (Arxentina, Alemaña, Francia, Suíza, Cuba...), como aos cambios na lexislación e a nacionalidade (Cuba, México, Venezuela...), á internacionalización da empresa española e a unha maior mobilidade do factor traballo incluíndo a persoal técnico e especializado (Estados Unidos, Gran Bretaña, Alemaña, Brasil, México e países como Arxelia, Libia e Emiratos Árabes), ou a retornos protagonizados por unha inmigración anterior que accedera a nacionalidade española por residencia (Ecuador, Bolivia, Marrocos...).

Gráfico 1



Fonte: Elaboración propia<sup>1</sup>.


1 Reprodúcense os gráficos dos traballos orixinais en castelán.

A representación das mulleres no mapa da cidadanía española no exterior. Un reflexo da pegada migratoria?

Faise evidente que na composición do colectivo de residentes no exterior converxen diversas realidades, se ben destaca de maneira moi principal o peso dunha tradición migratoria anterior (M<sup>a</sup> X. Rodríguez Galdo et al. 2012 e 2013; E. Pis Sánchez e M<sup>a</sup> X. Rodríguez Galdo, 2013; M<sup>a</sup> X. Rodríguez Galdo, 2013). A observación do grupo de "persoas nadas en España residentes no exterior (PERE) (gráfico 1) permite en maior grao unha boa aproximación á emigración laboral e política do século XX. O anterior gráfico permite constatar a maior representación que en todo o período 2009-2014 corresponde ás "persoas non nadas" en España, explicable por casuísticas moi variables como se estuda nos traballos anteriormente citados.


As pirámides de poboación relativas á cidadanía española no estranxeiro (gráficos 2 e 3) sitúan nos grupos de idade centrais e, de novo, a partir dos 65 anos a presenza maioritaria das mulleres. Obsérvase tanto no ano 2009 (primeiro ano de publicación dos datos do PERE) como nos máis recentes de 1 de xaneiro de 2014, a que indubidablemente se pode ver tamén favorecida pola súa maior supervivencia.

Gráfico 2



Fonte: Elaboración propia.


Gráfico 3



Fonte: Elaboración propia.


Similar situación repítese nas pirâmides de poboación relativas ao continente americano (gráficos 4 e 5) e ao europeo (gráficos 6 e 7). No primeiro caso faise máis acusado o avellentamento da poboación de nacionalidade española residente nese espazo continental.

Gráfico 4




Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 5




Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 6



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 7



Fonte: Elaboración propia.


Unha observación máis acaída por países nos que a pegada da emigración, ou no seu caso do exilio, está claramente constatada permite, non obstante, apreciar variacións significativas en función do protagonismo masculino ou feminino no fluxo migratorio precedente. A estes efectos analizamos aquí dous casos, un europeo como é o da emigración ao Reino Unido, no que a taxa de feminidade, se atendemos ás Estatísticas de Emigración Asistida, achégase ao 80% entre os anos 1962 e 1973 (F. Durán Villa: 2007) e a un americano como México (E. Pis Sánchez e M<sup>a</sup> X. Rodríguez Galdo, 2013). Neste último, comparable no tempo e na intensidade do fluxo co británico, a taxa de masculinidade é superior, se ben a presenza das mulleres é notable e máis elevada da que se adoita sinalar tanto na emigración económica como na política. Nesta última sabemos que en México a representación feminina chegou a acadar o 40%.

Obsérvase nos gráficos 8 e 9 a moi desigual representación do colectivo composto polas persoas españolas "nadas en España". Estas son maioría no Reino Unido (gráfico 8), como adoita suceder, de maneira menos marcada no continente europeo, mentres que en México (gráfico 9) o grupo destacado é o das persoas "non nadas en España", no que unha importante representación corresponde xa a unha segunda e en algúns casos terceira xeración do exilio que recuperaron ou accedieron á nacionalidade española a través da vía contemplada na Lei da Memoria Histórica.

Comunicación


A representación das mulleres no mapa da cidadanía española no exterior. Un reflexo da pegada migratoria?

Gráfico 8



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 9



Fonte: Elaboración propia.

As pirámides de poboación respectivas (gráficos 10 e 11) fanse eco da sinalada feminización do fluxo migratorio cara a Gran Bretaña mentres que no caso de México mantense a pegada deixada por unha emigración económica máis masculinizada, en maior proporción que en países como Arxentina por exemplo, reforzada un tanto pola emigración política debida ao exilio republicano. Aínda que neste caso a representación das "refuxiadas" españolas foi moi elevada como sinalabamos.

Os casos de estudo británico e mexicano alértanos xa non só da pegada da vella emigración e do exilio, senón de maneira especial en cómo a participación das mulleres no fluxo migratorio vírase eclipsada pola vixencia de descrições estereotipadas que as relegaban a un papel de “acompañantes”, menosprezando a súa decisiva contribución ao traballo produtivo e reprodutivo nos países de destino.

Gráfico 10





Gráfico 11



## Comunicación

A representación das mulleres no mapa da cidadanía española no exterior. Un reflexo da pegada migratoria?

Trátase dun avance de datos que mostramos aquí moi sintetizados pero co propósito de invitar a reconsiderar en que medida as relacións de xénero condicionaron a visión dun fenómeno tan complexo, como é a relación mulleres e emigración, cuxo protagonismo en maior ou menor grao na nosa historia migratoria estase a confirmar coa observación atenta de novos datos estatísticos como os do PERE.

## Bibliografía

Durán Villa, Francisco (2009): “La exportación invisible: mujeres españolas emigrantes”, en Liñares Giraut, X. Amancio (coord.): *El protagonismo de la mujer en las corrientes migratorias españolas*, Grupo España Exterior, Vigo, (39-62).

Pis Sánchez, Eduardo y Rodríguez Galdo, María Xosé (2013): “La población de nacionalidad española en América latina: migración, exilio y nuevas realidades migratorias”, en A. Santana (coord.): *Setenta años de Cuadernos Americanos (1942-2012)*, UNAM, México D.F, (165-185).

Rodríguez Galdo, María Xosé et alii (2011): *Análisis de las expectativas de retorno: La incidencia potencial sobre la realidad socioeconómica actual de España*, (en prensa).

Rodríguez Galdo, María Xosé et alii (2012): *Movilidad internacional y ciudadanía española (1997-2011)*, (en prensa).

Rodríguez Galdo, María Xosé (2013): “El retorno. Una comparación entre la migración económica y el exilio político. Políticas públicas, ciudadanía exterior y retorno. España, 2006-2012”, en Gil Lázaro, Alicia; Martín Nájera, Aurelio; Pérez Herrero, Pedro (coords.): *El retorno. Migración económica y exilio político en América Latina y España*, Marcial Pons, Madrid, (125-145).